

## **INSTRUCCIÓNS E CRITERIOS DE CORRECCIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO**

O terceiro exercicio das probas selectivas para o acceso á Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e Museos, subgrupo C1, celebrarase o sábado 10 de febreiro, ás 10.00 h na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Avda. Burgo das Nacións, s/n, Santiago de Compostela).

As persoas aspirantes poderán acceder ao centro a partir das 9.45 h. O chamamento realizarase a partires das 10.00 h. Deberán vir provistas de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou carné de conducir).

O Tribunal encargado das probas, na súa sesión do 30 de xaneiro, acordou publicar as seguintes

### **INSTRUCCIÓNS E CRITERIOS DE CORRECCIÓN DO 3º EXERCICIO**

#### **1. INSTRUCCIÓN (por favor, léas atentamente)**

##### **SERÁN CAUSAS DE EXCLUSIÓN DO PROCESO SELECTIVO:**

- Comezar a realización do exercicio antes de que o Tribunal o autorice.
- Continuar escribindo cando o Tribunal indique que o tempo de exame rematou.
- Falar, copiar, intercambiar exames ou información co exterior ou con calquera persoa participante neste proceso.
- A utilización de teléfonos móbiles, axendas ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Estes dispositivos deberán estar fóra das mesas onde se realizarán os exercicios.

##### **INSTRUCCIÓNS XERAIS**

As persoas aspirantes deberán vir provistas de bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble.

Para garantir o seu anonimato non se permite ningunha marca, sinal ou sinatura na folla de respostas do exame que poida inducir á súa identificación. De facelo, invalidarase o exame dándolle unha puntuación de 0.

A hora de inicio e remate do exame serán indicadas polo Tribunal. O tempo máximo para a realización deste exercicio é de dúas horas.

Permitirase ás persoas que así o desexen abandonar a aula durante os primeiros 10 minutos da proba. Pasado este tempo, non se permitirá a saída definitiva da aula ata que remate o tempo establecido para a súa realización (120 minutos).

Vostede, como participante neste proceso, ten a obriga de entregar as follas de respostas do exame.

Cando finalice o tempo do exercicio o Tribunal dará as instrucións oportunas para entregar o exercicio, así como para saír da aula de forma ordenada.

No caso de ter algunha dúbida pregunte unicamente aos membros do Tribunal.

Se vostede o precisa, pode solicitar ao Tribunal un certificado de asistencia ao exercicio.

## 2. CRITERIOS DE CORRECCIÓN

O exercicio consiste na resolución de dous supostos prácticos para elixir entre tres propostos polo Tribunal. Cada suposto versará sobre o Bloque A do programa da convocatoria e estará desagregado en 15 preguntas curtas.

Este exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 25 puntos, así como acadar un mínimo de 8 puntos en cada un dos dous supostos prácticos escollidos.

Valorarase, ademais da correcta resolución dos supostos, a corrección da expresión escrita e a claridade de ideas.

A presidenta do Tribunal

Marie-Pierre Bouyssou

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIE-PIERRE BOUYSSOU POINCHEVAL, NIF \*\*\*8405\*\*, 31/01/2024 07:56:45.

CSV: 5D26-6664-4505-99DE